

O berberecho común ofrece unha gran cantidade de servizos ás comunidades costeiras na Área Atlántica.

Ademais de proporcionar alimento ás persoas, as cunchas de berberecho pódense usar e vender para diversos fins. Os berberechos axudan a limpar a auga do mar nas zonas costeiras e son alimento doutros animais costeiros como as aves.

Algúns destes servizos poden tamén ter un valor económico.



COCKLES

O proxecto COCKLES recompilou evidencias e datos dos 5 países socios: Portugal, España, Francia, Irlanda e o Reino Unido, para demostrar o importante papel que xoga o berberecho común* no aprovisionamento, na regulación e na provisión de servizos culturais e de apoio.

*O berberecho común é *Cerastoderma edule*

Servizos de ecosistema

Proporcionados polo berberecho



Co-Operation for Restoring
Cockle SheLifisheries
and its Ecosystem Services
in the Atlantic Area (AA)

Interreg
Atlantic Area
European Regional Development Fund



→ Servizos de aprovisionamento



O berberecho foi unha importante fonte de alimento para os humanos desde o Neolítico.

Hoxe en día, a produción e subministro de berberechos forma parte dunha industria internacional, que apoia medios de vida ben establecidos nas comunidades costeiras.

As cunchas de berberecho non son só un subproduto, pódense empregar para diversos propósitos; complemento da alimentación das aves de curral, como material de construción triturado no cemento e incluso para usos



→ Servizos de regulación

Os berberechos poden mellorar a calidade da auga ao filtrar grandes volumes.

Os berberechos filtran pequenas partículas e nutrientes da auga do mar circundante (nitróxeno e fósforo), que usan para o seu crecemento. Isto pode axudar a reducir as floracións de algas tóxicas.

Unha parte do nitróxeno convértese en outras formas (N_2 ou N_2O) polo proceso de desnitrificación nos biodepósitos de berberecho.



O nitróxeno e o fósforo se retiran do mar cando se capturan berberechos e isto tamén poden axudar a limpar as augas costeiras.

O carbono tamén é secuestrado polos berberechos para formar as súas cunchas, se ben este proceso tamén produce unha certa liberación de CO_2 á atmosfera.

A actividade de enterramento dos berberechos, dependendo da natureza dos sedimentos, pode tanto aumentar como diminuír a súa estabilidade.

→ Servizos culturais

O berberecho é unha especie cultural importante que proporciona moitos beneficios, non só para as persoas que dependen del como medio de vida, senón tamén á sociedade en xeral.



Recolléronse exemplos culturais en 5 países do Atlántico: Irlanda, Reino Unido, Francia, España, e Portugal.

Os servizos culturais do berberecho pódense agrupar en 7 categorías: herdanza cultural, inspiración nas artes, lecer e ecoturismo, educación, identidade, relevancia estética e espiritual e relixiosa.

→ Servizos de apoio

Os berberechos son unha importante fonte de alimento para moitas aves



limícolas, especialmente no inverno, xa que proporcionan alimento a moitos peixes e outros animais

mariños, tanto na fase planctónica (larvas) como na fase bentónica (xuvénis e adultos) do seu ciclo de vida.